

O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 26-03-2026  
ata a día 26-04-2026  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.  


#### Anuncio

**ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 20 DE MARZO DE 2026, POLO QUE SE RESOLVE DE FORMA DEFINITIVA O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD TRES PRAZAS DE CAMARA PROFESIONAL-REPORTEIRO/A, GRUPO C - SUBGRUPO C1, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUIDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2024.**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 20 de marzo de 2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo que se reproduce de xeito literal:

*“As bases xerais para cubrir prazas do cadro de persoal funcionario e laboral, reservadas a promoción interna (vertical e/ou horizontal) na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota persoas con discapacidade) publicáronse no BOP núm. 238, do 16.10.2025.*

*A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, tres prazas de cámara profesional-reporteiro/a, reservadas promoción interna vertical, grupo C- subgrupo C1, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, fixéronse públicas no BOP núm. 238, do 16.10.2025.*

*Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditada polas persoas aspirantes propostas a documentación á que se refire a base xeral 10, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e específica 4, esta presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo contratando como persoal laboral fixo a:*

**Don Francisco Fernández Vázquez**, para ocupar a praza número 3368, denominada cámara profesional-reporteiro/a, grupo C - subgrupo C1, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2024, adxudicándolle o posto de traballo denominado cámara profesional-reporteiro/a Nivel I número 1743, vinculado á citada praza.

**Dona Ana María Hortas Alonso**, para ocupar a praza número 3369, denominada cámara profesional-reporteiro/a, grupo C - subgrupo C1, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2024, adxudicándolle o posto de traballo denominado cámara profesional-reporteiro/a Nivel I número 1744, vinculado á citada praza.

**Don Miguel Ángel de Cesáreo Fernández**, para ocupar a praza número 3370, denominada cámara profesional-reporteiro/a, grupo C - subgrupo C1, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2024, adxudicándolle o posto de traballo denominado cámara profesional-reporteiro/a Nivel I número 1745, vinculado á citada praza.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 23 de marzo de 2026.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0747

O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 26-03-2026  
ata a día 26-04-2026  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.  
